

NOTA INFORMATIVA
AXENDA MUNICIPAL

Martes 17

10.00 h.

No Palacio de Congresos, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, presidirá o acto de apertura das xornadas “Instrumentos de xestión urbanística previstos pola lexislación en Galicia e a súa transcendencia rexistral”.

11.30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** da concelleira de Benestar Social e UMAD, Adelaida Negreira, para presentar o programa “De bo rolo”.

12.00 h.

No Salón Verde da Casa do Concello, o concelleiro de Cultura, Néstor Rego, e o director da Editorial Galaxia, Víctor Freixanes, asinan un convenio de colaboración.

12:30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do voceiro do Grupo Popular Municipal, Ricardo García-Borregón, sobre asuntos de carácter local.

13.15 h.

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, recibirá aos profesores José Miñones, José María Calleja, Francisco Díaz-Fierros e Xerardo García, representantes da Comisión organizadora do 150 aniversario da creación da Facultade de Farmacia.

18.30 h.

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, recibirá á nova directiva da Asociación de Veciños da Barciela.

20.00 h.

No salón de actos do Colexio Médico de Santiago, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste ao acto de entrega das medallas de honra da *Academia Médico Quirúrgica* aos doutores Belmonte e Sánchez Salorio.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2006